



**8M** 2024

MATERIAIS para traballar  
nas aulas de **PRIMARIA**



## Xustificación

### Reflexionando sobre as mulleres e o espazo

Igual que moitas outras disciplinas, o urbanismo tradicionalmente baseouse nunha lóxica puramente patriarcal, pois era o sexo feminino o que se ocupaba das tarefas domésticas (sempre relegadas ao ámbito privado), polo que as súas necesidades na esfera pública nunca se tiveron en conta. Hoxe en día, podemos atopar múltiples estudos que verten unha opinión crítica sobre esta realidade:

«a división sexual do traballo significa que mentres as mulleres se fan cargo do traballo doméstico non remunerado, os homes ocúpense do traballo remunerado na esfera pública. Pero esta afirmación xeral debe ser matizada desde unha perspectiva histórica e transcultural. Máis que unha separación estrita entre esferas, o que houbo é unha esfera separada, a da reprodución, da que os homes apenas se ocuparon»<sup>1</sup>.

De modo que esta estrutura machista na que se desenvolveu o urbanismo debe romper con absolutamente todos os valores patriarcales que a caracterizan, incidindo na recuperación de espazos e nas demandas do público ao que acolle:

«o espazo da vivenda e a súa contorna inmediata constituiron a esfera privada das mulleres; ata hai pouco, o espazo público estáballes vedado se non ían acompañadas. Mentres que para os homes a vivenda é un lugar de descanso onde se poden refuxiar despois dun día de duro traballo, para as mulleres a vivenda é un lugar de traballo do cal non teñen onde refuxiarse»<sup>2</sup>.

Para acadar este propósito de ruptura total co urbanismo hexemónico e obsoleto, o novo modelo pensado para a súa substitución debe formarse a partir de prácticas inclusivas e políticas verdes que faciliten a convivencia dunha cidadanía caracterizada por contar cuns trazos moi heteroxéneos entre si. É dicir, un urbanismo feminista que logre incorporar absolutamente todas

as realidades que se configuran nun determinado lugar. Tal e como o recolle unha das participantes do vídeo «que é o urbanismo feminista» (4), quen a partir dun proxecto que desenvolveron sobre esta temática declara o seguinte:

«temos que poñer a vida das persoas no centro das decisións urbanas, colocar as lentes lilas e atender á teoría da interseccionalidade (idade, unidade de convivencia, orixe, diversidade funcional, clase social e identidade sexual)»<sup>3</sup>.

### Sabías que?

Ante a nosa curiosidade por coñecer se se estaban a pór en marcha iniciativas urbanísticas con perspectiva de xénero nalgunha cidade galega, decidimos investigar se Vigo, a urbe máis grande de Galiza, presentaba algunha das cinco principais características que se recollen dentro do concepto de «urbanismo feminista»: proximidade, diversidade, autonomía, vitalidade e representatividade<sup>4</sup>.

Esta busca foi un pouco en van, ao comprobar que a única que se cumpría, e con moitos peros, era a que fai referencia á memoria das mulleres, é dicir, as rúas con nomes de mulleres que intentan recuperar parte do legado que estas deixaron nunha terra na que non sempre lles foi recoñecido o seu espazo. Así, a priori, segundo os datos recollidos en 2019<sup>5</sup>, das 1775 vías da cidade olívica, só 57 contan con denominacións de muller, o que, ademais de confirmar a necesidade dunha visibilidade real, denota o incumprimento por parte do Concello de Vigo da norma en vigor que establece que a media estatal supere cando menos o 5%, no caso citado a cantidade non chega nin ao 3,8%.

Algúns dos exemplos que se nos veñen á cabeza e que se agochan detrás desta ruta viguesa caracterizada polo seu chan pegañento cheo de ausencias, son os que en moitas ocasións pasaron totalmente desapercibidos para moitas de nós, coma a famosa rúa na que se alberga a Delegación Territorial da Xunta de Galicia, Concepción Arenal, que rende homenaxe á que conseguiría

1 Junta de Andalucía: «Urbanismo con perspectiva de xénero» (2002), páx. 12.

2 Junta de Andalucía: *Urbanismo con perspectiva de género* (2002), páx. 16.

3 Vídeo sobre «qué es el urbanismo feminista», en línea: <https://www.youtube.com/watch?v=dl4TOCPMMBA>

4 Vídeo sobre «qué es el urbanismo feminista», en línea: <https://www.youtube.com/watch?v=dl4TOCPMMBA>

5 <https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2019/05/07/callejero-grietas-genero-14824085.html>



FONTE: elaboración propia

ser a primeira muller en acceder ao sistema universitario despois de ocultar durante moito tempo o seu corpo tras as vestimentas dun home. Tamén, o parque do Calvario no que algún infante vigués podería chegar a ser un verdadeiro artista seguindo os pasos dunha das participantes da xeración do 27, Maruja Mallo, personalidade moi destacada dentro do surrealismo, e a quen non lle importaría nin o máis mínimo desafiar a estética dunha sociedade acostumada a levar sombreiro.

Foi entre a valentía de Concepción Arenal por rachar cunha lei que impedía o acceso a educación do sexo feminino, xunto á determinación de Maruja Mallo de mudar o pensamento daquela cidadanía atascada nunha idea anticuada ou o esforzo de Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán de crear conciencia feminista nun ámbito pensado para a expresión masculina, onde se podería situar perfectamente á primeira médica xinecóloga galega, Olimpia Valencia.

Se facemos un percorrido pola rúa de Príncipe observaremos que a mesma non ten por que invitar só ao consumo que ditan as súas tendas, esas que incitan a calquera a caer na tentación do sistema capitalista, senón á reflexión das persoas que nalgún momento a habitaron. Así, moi preto do Sireno, visualizamos a seguinte placa:



FONTE: elaboración propia

Hai máis de cen anos, un 14 de decembro de 1898, nacia en Baltar a primeira médica xinecóloga galega, Olimpia Valencia. Esta muller, de ideas avanzadas para a época que lle tocou vivir, deixou atrás a falla de comunicación que imperaba na súa época, para cumprir co que desde sempre fora a súa vocación, a medicina. Desta maneira, converteuse nunha das primeiras universitarias que, seguindo o exemplo de Concepción Arenal, cruzou a porta da facultade rachando por completo cunha lei que impedía o acceso á educación do sexo feminino.

Despois da súa licenciatura en 1925 e o posterior doutoramento, Olimpia Valencia abrira a súa consulta na Rúa Príncipe de Vigo, cun cartaz no que se chegaba a ler «Especialista en enfermidades da muller». Alí, ao mesmo tempo que gañaría a confianza dun público fronte ao que ela se definía como «médica», desviando o uso por aquel entón dun masculino xenérico, tamén a perdería, logo de que durante a Guerra Civil a arrestaran polas súas ideas progresistas.

Este pequeno estudo realizado na cidade de Vigo pode servir tamén de paradigma para facer un percorrido pola vila ou cidade máis próxima ao alumnado para analizala desde unha ollada feminista.

## Metodoloxía

Estas Unidades Didácticas, dirixidas ás aulas de Infantil, Primaria e Educación Secundaria Obligatoria (ESO) e Bacharelato, tomarán como punto de partida as actitudes de ambos sexos fronte aos xogos. Estes articúlanse de modo determinante na socialización primaria do individuo. Así o confirma Carol Gilligan, filósofa e psicóloga feminista norteamericana, ao poñer de manifesto que os entretamentos infantís que se realizan con frecuencia en lugares públicos como os parques modelan os roles masculinos e femininos:

«Os xogos dos nenos satisfán as esixencias do éxito empresarial e céntranse no respecto polas regras e a competitividade; os das nenas céntranse na sensibilidade e atención aos demais, e teñen lugar en grupos reducidos e

espazos privados, o que favorece o desenvolvemento da empatía»<sup>6</sup>.

Igualmente, as nenas móstranse moito máis tolerantes a estas excepcións, regras e innovacións, pois, en opinión do sociólogo estadounidense George H. Mead<sup>7</sup>, xogan en grupos máis pequenos e por tanto máis íntimos onde poden desenvolver a súa empatía e sensibilidade.

A metodoloxía empregada ao longo destas páxinas será sobre todo de reaprendizaxe por parte do profesorado e do alumnado, que meditará en conxunto as actividades enunciadas a continuación. Estas mesmas foron pensadas desde unha óptica aberta e flexible, centrada no ensino dinámico e horizontal. A meta fundamental será a concienciación de cada discente mediante unha serie de propostas lúdicas nas que aprenda experimentando e conte coa oportunidade de compartir as súas propias experiencias.

## Obxectivos xerais

- ▶ Visualizar o estudo en materia de igualdade como un epicentro que debe estar en vangarda e á súa vez como a cura dun sistema educativo enfermo no que goberna un só sexo.
- ▶ Recorrer á formulación de prácticas didácticas novidosas que repercutan proveitosamente na persoa que estuda sen dar pé a calidades específicas dependendo do sexo.
- ▶ Persistir nesta (de)construción, recollendo as premisas que subliña o feminismo da igualdade e o da diferenza.
- ▶ Avanzar cara á eliminación das xerarquías dominantes entre as relacións para convertelas nalgo totalmente simétrico e incidindo, sobre todo, na importancia do recoñecemento do labor que se realiza na esfera privada.
- ▶ Utilizar a educación como unha ferramenta decisiva para o traspaso de contidos que resulten favorables para as figuras femininas e masculinas.
- ▶ Reivindicar unha das cuestións máis latentes actualmente, que non é outra que a xa anun-

ciada por diversas teóricas, especialmente por Carol Gilligan, quen recalca o valor da teoría dos coidados.

- ▶ Achegar ao alumnado unha literatura responsable baseándose en voces representativas que perforen a gran pantalla e se aproximen aos sofás adolescentes de toda a comunidade galega.

## Actividades

### ACTIVIDADE 1.

#### O patio de primaria tinguido de lila

A análise dos xogos que se dispoñen dentro do recinto escolar:

O alumnado tomará as dimensións da súa zona de recreo para analizar e repensar a través da frase «en que parte do meu patio me sitúo?» como se dispoñen por grupos e cales son as actividades lúdicas que practican.

A partir de aí, intentaranse levar a cabo varias propostas que inclúan tanto aos nenos coma as nenas, pero antes formularemos as seguintes preguntas:

- ▶ En que zona do patio vos soedes colocar para xogar?
- ▶ Cales son os pasatempos que compartides entre tod\*s?

Exclusivamente para as nenas:

- ▶ Hai xornadas de recreo nas que a vosa aula se divide en dous dependendo o sexo?

No caso de que a resposta sexa afirmativa:

- ▶ En que momento de descanso credes que vos separades e estades máis coas vosas compañeiras? Por que?

<sup>6</sup> Gilligan, C. (1994). *La moral y la teoría. Psicología del desarrollo femenino*. México: Fondo de cultura económica.

<sup>7</sup> Mead, G. (1982). *Espíritu, persona y sociedad: desde el punto de vista del conductismo social*, Paidós, Barcelona.



## ACTIVIDADE 2. A semente da memoria lila. Reconstrución dunha árbore violeta con traballadoras que coñezamos no patio do noso centro

Aproveitando a actividade anterior sobre o recoñecemento do espazo, o que se propón agora é que cada discente teña un intre no que poder indagar sobre as mulleres do seu círculo. Desta maneira, o día previo a este exercicio, o alumnado terá que expoñer diante da clase a alguna referente da súa vida que o motive a loitar, ou que sexa fonte de admiración.

Para poder realizalo, poderán facer un collage, debuxo, fotografía, bordado ou calquera cousa que incentive a creatividade individual. Despois, en conxunto, traballarase nunha árbore xigante e lila, como o corazón das mulleres traballadoras, no que depositarán os seus deseños. Todo isto, poderase executar no patio do centro, para que haxa maior visibilidade e procurando sempre un espazo comprensivo e empático con todo o mundo.



### ACTIVIDADE 3.

#### «O meu referente de muller é...». Crear un vídeo con toda a aula no que se mencionen a diferentes referentes femininos

O obxectivo desta iniciativa é que cada persoa conte con polo menos unha referencia feminina (famosa ou non) da que poder falar abertamente dun xeito amigable e sincero. Primeiramente, animarase a que cada membro escriba ou debuxe os aspectos máis destacables da muller na que se vai centrar. A posteriori, cando a aula estea preparada e lista para describir a cada figura en público, irán pasando individualmente por diante dunha cámara (real ou imaxinaria), na que comecen a súa intervención dicindo o seguinte: “O meu referente muller é...”. Ao final, farase nunha cartolina ben grande e lila sinalando estes nomes, buscando un lugar na aula no que colocala e deixala plasmada.

### ACTIVIDADE 4.

#### Ditos, refráns, proverbios, citas ou adiviñas en boca feminina. Conformar un rexistro de frases pronunciadas pola rede de mulleres coa que socializamos



FONTE: internet

O que se pretende con este exercicio é que se achegue á aula información compartida por personaxes femininos que logran ter algún tipo de

impacto nas nosas vidas. Poden ser desde citas que escoitaron nalgunha película en boca dun personaxe feminino ata o típico que sempre exclama a tía ou avoa.

Polo tanto, o fin último é deixar constancia dos rexistros cos que contan as memorias de toda a clase e fortalecer así a propia linguaxe a través das vivencias alleas.

### ACTIVIDADE 5.

#### Quen é quen na literatura galega. Escritoras da nosa contorna que dedicaron ou aínda dedican parte da súa vida á difusión da nosa lingua

Para dinamizar un pouco o ambiente dentro da clase, aproximarase un clásico xogo para poñerlos en contacto coas grandes literatas da nosa terra. Porén, tratarase de interiorizar cada unha delas mediante a identificación de todos os rostros que asumirá cada participante do grupo. O propósito principal é o de quedarse cos detalles máis relevantes, como tamén recoñecer na cara da compañeira ou compañeiro que temos enfronte, calquera das escritoras previamente mencionadas. Con axuda do coñecido “quen é quen”, elaboraranse unhas tarxetas con diversos nomes que tiveran un peso importante na literatura galega. A recomendación sería que se iniciara por unha breve contextualización, para logo xa repartir tarxetas de cores con todas as personalidades escollidas.

Algúns exemplos para ter a man serían os seguintes:

- ▶ Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885)
- ▶ Leticia Costas (Vigo, 1979)
- ▶ Olga Novo (Vilarmao, Lugo, 1975)
- ▶ Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977)
- ▶ Emilia Pardo Bazán (A Coruña, 1851- Madrid, 1921)
- ▶ Berta Dávila (Santiago de Compostela, 1987)
- ▶ Lúa Mosquera (Miño, 1988)



FONTE: internet

- ▶ Concepción Arenal (Ferrol, 1820-Vigo, 1893)
- ▶ Margarita Ledo (Castro de Rei, Lugo, 1951)
- ▶ Teresa Moure (Monforte de Lemos, 1969)
- ▶ María Xosé Queizán (Vigo, 1939)
- ▶ Xohana Torres (Ferrol, 1929- Vigo, 2017)
- ▶ Conchi Regueiro (Lugo, 1968)
- ▶ Xela Arias (Lugo, 1962-Vigo, 2003)
- ▶ Chus Pato (Ourense, 1955)
- ▶ Lupe Gómez (Fisteus, A Coruña, 1972)
- ▶ Luisa Castro (Foz, Lugo, 1966)
- ▶ Luz Pichel (Alén, 1947)

## ACTIVIDADE 6.

### «Os famosos teño que...»

Elaborarase unha enumeración das tarefas domésticas que desenvolve a xente da nosa contorna no seu día a día, dependendo de se responden ao sexo feminino ou masculino.

O primeiro paso será que cada discente escriba nunha folla aquelas obrigas que a súa rede

de apoio (familiares, amizades etc.) teñen que afrontar durante a semana. Tras a súa elaboración, comentaranse por pequenos subgrupos, para que as organicen pensando en se certas destas tarefas se asignan con frecuencia á muller ou ao home, e tamén reflexionando sobre cal é a connotación que reciben.

## Actividade 7.

### O relato oculto dunha muller silenciada

Esta actividade baséase na escritura terapéutica como un medio para verbalizar todo aquilo que pesa e que o alumnado carga no seu interior. Deste xeito, propónse escoller en conxunto unha personalidade destacada dentro do panorama galego que tivera que vencer o famoso teito de cristal e todos aqueles obstáculos que a mantiveran algunha vez á sombra. Pode ser unha escritora que tivera que recorrer ao pseudónimo para proseguir nese mundo cheo de nomes masculinos, ou calquera outra que loitara por manterse na superficie. Así, toda a clase recreará a vida desta mesma a través dos propios medos que comparten como individuos expectantes dunha sociedade en pleno cambio.

## Bibliografía usada

- GILLIGAN, C. (1994). *La moral y la teoría. Psicología del desarrollo femenino*. México: Fondo de cultura económica.
- FUENTES, A. *Olimpia Valencia: ocho décadas de historia desde los ojos de una pionera*.
- Recurso en liña. <https://www.elperiodico.com/es/cuaderno/20190106/sara-ortiz-escalante-7215495>
- Recurso en liña. <https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2019/05/07/callejero-grietas-genero-14824085.html>
- Recurso en liña. “Qué es el urbanismo feminista”: <https://www.youtube.com/watch?v=dI4TOCPMMBA>
- Recurso en liña. <https://drive.google.com/drive/folders/1MBmZ2grXIAE1KPirHNufOJdKI-yePbwC?usp=sharing>

MEAD, G. (1982). *Espíritu, persona y sociedad: desde el punto de vista del conductismo social*, Paidós, Barcelona.

Junta de Andalucía. *Urbanismo con perspectiva de xénero*, (2002).

## Maleta de recomendacións

### Literatura

CID, C e ÁLVAREZ, S. (2020). *O misterio do sorriso de Lucas*. Triqueta verde.

G. de la CUEVA, C. (2016). *Mamá, quiero ser feminista*. Lumen.

G. MARÍN, J. (2018). *Novas masculinidades*. Através.

GAUDES, B e MACÍAS, P. (2015). *Érase dos veces la bella y la bestia*. Cuatro tuercas. S.L.

HEMATOCRÍTICO. (2016). *Feliz feroz, O lobiño riquiño*. Xerais.

MARROQUÍ, M. (2018). *Esto no es amor*. Destino.

OLIVEIRA, C e RETAMOZO, P. (2021). *Comando Igualdade. A mocidade facendo a revolución feminista nas aulas!*. Catro ventos.

QUINTELA, A. (2021). *Na busca de Antón*. Alvalellos.

SEOANE, A e SANMARTÍN, M. (2019). *As mulleres que amavam os videoxogos*. Através.

### Música

*María la Curandera*, de NATALIA LAFOURCADE. 2022.

*Matriarcas*, de GUADI GALEGO. 2014.

*Respira*, de NATALIA DOCO. 2017.

8M 2024. Materiais para traballar nas aulas de Primaria.

Autora: TANIA NÓVOA PAZ.

Politóloga, comunicadora e doutoranda en Estudos feministas e de Xénero pola universidade do País Vasco (UPV-EHU)



**8M** 2024

# 8M 2024

